

**OFERTA FORMATIVA TITULACIÓNS NON REGRADAS / CURSOS SUFICIENCIA AULA DE
SEGURIDADE ESCOLA NÁUTICO-PESQUEIRA DE FERROL**
CURSO 2023-2024

1º TRIMESTRE				
CURSOS	Matrícula	Data inicio	Data remate	Horario luns a venres
PATRÓN/PATROA COSTEIRO POLIVALENTE SECCIÓN PONTE	FINALIZADO	11/09/23	21/12/23	08:30 – 14:00h
PATRÓN COSTEIRO POLIVALENTE SECCIÓN MÁQUINAS	FINALIZADO	11/09/23	24/11/23	08:30 – 14:00h
MARIÑEIRO/A PESCADOR/A ONLINE (*)	FINALIZADO	13/09/23	30/10/23	Teleformación
ACTUALIZACIÓN FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA	FINALIZADO	27/09/23	28/09/23	08:30-14:00h 15:30 – 19:00h
ACTUALIZACIÓN EMBARCACIÓNS DE SUPERVIVENCIA E BOTES DE RESCATE NON RÁPIDOS	ANULADO	04/10/23	05/10/23	08:30-14:00h 15:30 – 19:00h
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA	ANULADO	06/11/23	17/11/23	08:30 – 14:00h
EMBARCACIÓNS DE SUPERVIVENCIA E BOTES DE RESCATE NON RÁPIDOS	ANULADO	04/09/23	07/09/23	08:30 – 15:00h

2º TRIMESTRE				
PATRÓN/PATROA COSTEIRO POLIVALENTE SECCIÓN PONTE	ANULADO	08/01/24	29/04/23	08:30 – 14:00h
PATRÓN/PATROA COSTEIRO POLIVALENTE SECCIÓN MÁQUINAS	FINALIZADO	08/01/24	22/03/23	08/01/24
MARIÑEIRO/A PESCADOR/A ONLINE (*)	FINALIZADO	23/01/24	05/03/24	Teleformación
PATRÓN/PATROA LOCAL DE PESCAFINALIZADO	FINALIZADO	26/02/24	12/04/24	08:30 – 14:00h

3º TRIMESTRE				
AMPLIACIÓN DE ATRIBUCIÓN PATRÓN/PATROA COSTEIRO POLIVALENTE SECCIÓN PONTE	ANULADO	02/05/24	05/06/24	09:20 – 13:10
AMPLIACIÓN DE ATRIBUCIÓNS PATRÓN/PATROA COSTEIRO POLIVALENTE SECCIÓN PONTE "ONLINE"	26/02/24 ao 15/03/24	08/04/24	30/05/24	Teleformación
AUMENTO DE ATRIBUCIÓNS PARA MECÁNICO/A MAIOR NAVAL ATA 6000 KW	15/02/24 ao 19/03/24	08/04/24	28/05/24	08:30 – 14:00h
REVALIDACIÓN DA TITULACIÓN DE MECÁNICO MAIOR NAVAL	16/05/24 31/05/24	17/06/24	19/06/24	08:30 – 14:00h 16:00 – 18:00
PERCEBEIRO	FINALIZADO	15/04/24	30/04/24	09:20 – 13:10h
MARIÑEIRO PESCADOR ONLINE (*)	15/03/24 12/04/24	06/05/24	21/06/24	



FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA	FINALIZADO	08/04/24	18/04/24	08:30 – 14:00h	
ACTUALIZACIÓN DA FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA	FINALIZADO	20/03/24	21/03/24	08:30-14:00h 15:30 – 19:00h	
ACTUALIZACIÓN DA FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA		02/04/24 ao 30/04/24	22/05/24	23/05/24	08:30-14:00h 15:30 – 19:00h
ACTUALIZACIÓN EMBARCACIÓNS DE SUPERVIVENCIA E BOTES DE RESCATE NON RÁPIDOS	FINALIZADO	08/05/24	09/05/24	08:30-14:00h 16:00 – 19:00h	
ACTUALIZACIÓN DE AVANZADO EN LOITA CONTRA INCENDIOS	FINALIZADO	02/05/24	02/05/24	08:30-14:00h 16:00 – 19:00h	
ACTUALIZACIÓN DA FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDADE MARÍTIMA		16/05/24 ao 31/05/24	19/06/24	20/06/24	08:30-14:00h 15:30 – 19:00h

- (1) A realización dos cursos está supeditada á formalización dun número mínimo de persoas matriculadas.
- (2) Se unha persoa matriculada nun curso, por calquera motivo, non puidera asistir, deberao comunicar coa maior brevidade posible ao centro de ensino, para non prexudicar ás persoas en lista de reserva.
- (3) Pódense ofertar novos cursos atendendo a proposta da Administración ou da Dirección do Centro.
- 4) As datas de comenzo e finalización e os horarios dos cursos, poden sufrir modificacións que serán debidamente comunicadas.
- (5) A matrícula dos cursos pecharase ao completar o número máximo de candidatos/as establecido

REVALIDACIÓN DA TITULACIÓN DE MECÁNICO MAIOR NAVAL

Segundo. Documentación necesaria para formalizar a matrícula do curso.

1. Solicitud segundo modelo que figura como anexo II da Orde do 31 de xullo do 2014 (PE607C)
2. DNI ou NIE, no caso de que a persoa interesada non permita a súa consulta.
3. Titulación a renovar.

(*) CURSO MARIÑEIRO PESCADOR/A ON LINE

Nos cursos de Mariñeiro/a Pescador/a modalidade ONLINE o exame e a proba de natación realizaranse de maneira presencial. A data e a hora do exame será publicada na plataforma de formación da Consellería do Mar. (A partir de 10 días dende a publicación na web da Consellería do Mar dos alumnos que poden acceder o exame.) ([URL:http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-doalumnado/teleformacion](http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-doalumnado/teleformacion))



- Solicitude de prematricula e Datas de pre-matrícula: Publicarase na web da Consellería do Mar. É imprescindible que o alumno estea rexistrado antes de realizar ningún trámite. Non se aceptará a pre-inscrición dun participante en máis dun centro. Si se detecta que un participante incorre neste aspecto, anularase a súa inscrición.

- Datas de matrícula: 10 días naturais a partir do día seguinte que se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso no portal web de formación da Consellería do Mar.

- A relación das persoas admitidas será a establecida en función da hora e do día da pre-matrícula.

- Datas do curso: Publicarase na web da Consellería do Mar no apartado de teleformación

- Número de prazas: 60 • Crearase unha listaxe de reserva por rigorosa orde de prematricula, a partir da última persoa admitida no curso. Esta listaxe poderá empregarse no caso de producirse baixas na matrícula do curso.

() CURSO DE AUMENTO DE ATRIBUCIÓNS DE PATRÓN/PATROA COSTEIRO POLIVALENTE**

******* ON LINE *******

Primeiro. O curso de teleformación de Aumento de Atribucións Patrón/Patroa Costeiro/a Polivalente Sección Ponte terá unha duración de 80 horas. As datas de matrícula, as datas de realización do curso e o número de alumnado no curso serán:

- Datas de matrícula: dende as 09:00h do 26 de febreiro de 2024 ata as 15:00h do 15 de marzo de 2024, coa seguinte orde:

- Do 26 de febrero ao 8 de marzo as persoas que teñan a tarxeta profesional sen restrinccións

- Do 8 ao 15 de marzo as persoas que teñan a tarxeta profesional con restrinccións, sempre que queden prazas no curso.

- Datas do curso: do 08 de abril ao 31 de maio de 2024.

- Número de alumnado. Máximo de 30 e mínimo de 10; de non acadarse o número mínimo derivarase a outros centros de ensino da Consellería do Mar.

A teleformación e o seguimento vía web do curso farase a través da URL que será enviada ás persoas matriculadas e contará coa asistencia titorial do mesmo, co obxecto de resolver as dúbidas que poidan xurdir nos seus contidos.

Segundo. Documentación necesaria para formalizar a matrícula do curso.

1. Solicitude segundo modelo que figura como anexo II da Orde do 31 de xullo do 2014 (PE607C)

2. DNI ou NIE, no caso de que a persoa interesada non permita a súa consulta.

3. Tarxeta profesional de Patrón/Patroa Costeiro/a Polivalente, tendo prioridade as persoas que acheguen a tarxeta sen restrición.



4. Xustificante do aboamento de taxa en vigor (84,81€) que outorga o dereito ao exame, cuxos códigos son os seguintes: Taxa: código 30.19.00 Consellería do Mar: código 12 Servizos Centrais: código 13 Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras: código 05

Terceiro. Presentación de documentación. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial na Escola Náutica Pesqueira de Ferrol.

Cuarto. Unha vez rematado o curso de teleformación realizarase un exame final presencial ante un tribunal no centro de ensino, e constará dunha parte teórica e outra práctica, sendo necesario para presentarse a esta proba cumprir cos seguintes requisitos:

- Revisar todos os módulos multimedia, así como realizar os correspondentes cuestionarios tipo test, que se poderán facer todas as veces que sexa necesario e sen límite de tempo; sendo a nota final a cualificación máis alta dos intentos realizados. É necesario ter nos cuestionarios un 70% de respostas correctas.

A listaxe de persoas que superaron o curso e que teñan dereito a presentarse o exame final, así como as excluídas, publicarase no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

A información do día e da hora da realización do exame final presencial do curso publicarase no portal web de teleformación da Consellería do Mar e mediante comunicado a través da plataforma polos titores, e terá lugar na EONP de Ferrol.

Quinto. Rematado o exame teórico-práctico o tribunal fará pública no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino, unha copia do exame e a folla coas respostas correctas, co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar o resultado do seu exercicio. Unha vez corrixido o exame teórico-práctico, o tribunal fará pública a lista provisional de cualificacións no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación da lista provisional nos lugares indicados anteriormente, para facer reclamación ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamación presentadas, o tribunal publicará a lista definitiva das persoas que superaron o exame teórico-práctico, nos mesmos sitios en que se publicou a lista provisional.

Sexto. Contra a resolución do tribunal as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, contado dese o día seguinte ao da publicación da lista de notas definitivas no portal web de teleformación da Consellería do Mar.